

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE SETEMBRO DE 2019**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 18 de setembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 13 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente de D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño
- Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2a, 9a, 10b, 11a e 11c)  
D. José Ignacio Oliveira López (asiste aos puntos 3a e 10a)  
D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 3b)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)**

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que deseguido se transcribe:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 30/08/2019 para a contratación por procedemento aberto da "Coordinación de seguridade e saúde nas obras de Execución de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e Humanización e transformación peonil da actual rede viaria" EXPTE. 326-441" que rematou o día 16 de setembro do presente ano; consultada a aplicación informática de xestión de expedientes presentáronse as seguintes empresas:*

1. I+P
2. ELETRENTAYUNO PREVENLAB SLU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. *TEPRIL, SL*

4. *Nº de documento 190142131 presentado polo NIF 36090677C*

Aclara que á vista da documentación do sobre A "*Documentación persoal*" presentada na plataforma de licitación electrónica, previamente descriptado pola Secretaría e a Presidencia, os licitadores presentados son os seguintes:

1. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (I+P)
2. UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A.
3. TEPRIL, S.L.
4. CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*", e a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (I+P)
  2. UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación; concretamente, deberán achegar o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas":
  1. TEPRIL, S.L.
  2. CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.

**3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados (SERVICIOS SECURITAS, S.A. e EULEN, S.A.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	% baixa prezos unitarios	Bolsa de horas	Realización de estudos de público usuario	Recursos materiais de apoio aos públicos	Formación específica de persoal
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	20%	110h. laborais diúrnas 90h. festivas diúrnas	si	20	si
2	EULEN, S.A.	11%	110h. laborais diúrnas 90h. festivas diúrnas	si	20	si

Asiste á apertura D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Rodríguez, con DNI \*\*. \*83.24\*, en representación de EULEN, S.A. A Acta de asistencia debidamente asinada incorpórase ao expediente.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

Na mesma sesión entrégase o informe de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación por orde descendente asinado polo xefe de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de o castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados (D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ, D<sup>a</sup>. ENRIQUETA LÓPEZ RODRÍGUEZ e ÁRBORE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ
2. D<sup>a</sup>. ENRIQUETA LÓPEZ RODRÍGUEZ
3. ÁRBORE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

A continuación ábrese a "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica.

**c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224)**

A secretaria informa aos membros da Mesa que segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica non se presentou ningún licitador a este procedemento, polo que procede formular a seguinte proposta para declaralo deserto:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 30 de agosto de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 16 de setembro.

**Terceiro.-** Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 17 de setembro de 2019:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 30/08/2019 para a contratación por procedemento aberto da "Xestión do programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero" EXPTE. 9350-224" que rematou o día 16 de setembro do presente ano; consultada a aplicación informática de xestión de expedientes non se presentou ningunha oferta".*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 17 de setembro de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224) por non terse presentado ningunha proposición".*

### 4.- Apertura da documentación técnica

**a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)**

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a dous dos licitadores para emendar a documentación persoal.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)**

A secretaria informa aos membros da Mesa que en cumprimento do acordado na sesión do 6 de setembro de 2019 e ao abeiro do previsto no artigo 149 da LCSP, concedeuse un prazo de tres días hábiles a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. para que xustificase a súa oferta. Durante o prazo concedido o licitador non presentou documentación.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 13 de setembro de 2019 de valoración do sobre C "proposición evaluable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En base ao anterior a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Aceptar o informe de data 13 de setembro de 2019.
2. Propoñer ao órgano de contratación a exclusión de CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.

### 10.- Propostas de clasificación/clasificación

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SERVICIOS SECURITAS S.A.	100.00
2	EULEN S.A.	80.55

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS S.A., para que presente, no prazo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.
2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI”.

#### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado ao non presentar xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	96,76
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,54
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	95,16
4	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO SL	90,08
5	NAROM SL	87,93
6	SACYR CONSERVACIÓN, S.A.	71,68

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lote 3)**

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	98,16
2	MONDO IBÉRICA, S.A.	79,16
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	73,99

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) xa foi presentada para os lotes 1 e 2".*

**Segundo.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., o día 6 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 11 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 de xullo e 3 de setembro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) por un prezo total de 390.793,19 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.823,61 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612) na seguinte orde descendente:*

<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
EULEN, S.A.	100
SAMYL, S.L.	61.05

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., o día 2 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 9 e 26 de agosto de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612) por un prezo total de 102.224,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.741,36 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**c) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)**

## LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de agosto de 2019, de OBRASCON HUARTE SAIN, S.A. (OHL) e a UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. por non acadar o umbral do 50% da puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor en cumprimento do previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Excluir deste procedemento á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS S.A. - DRAGADOS S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019.*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	94,13
2	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	86,50
3	UTE FERROVIAL AGROMAN - ORECO, S.A.U.	84,89



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



4	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. - FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.	81,85
5	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	78,35
6	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	75,26
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	61,13

**Cuarto.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. , o día 12 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de agosto e 9 de setembro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 13.479.969,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.339.498,75 euros.
- b) Comprométese a incrementar o mantemento da iluminación exterior en 4 trimestres.
- c) Comprométese a incrementar o mantemento do túnel en 4 trimestres.
- d) Comprométese a incrementar o mantemento das zonas verdes e fontes en 4 trimestres.
- e) Comprométese a incrementar o mantemento doutros equipos en 4 trimestres.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:10 horas logo dun receso entre as 11:10 e as 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA54H-562D22-2A4941-3Q6M45-QRY8RS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		